

INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE ADMISIÓN - CURSO 22/23

Xoves, a 24 de febreiro de 2022

As familias deben de estar pendentes da páx. Web do centro para estar ao tanto das notificacións que se fagan ao respecto, por parte da Consellería ou do propio centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipramonsagra/>

Infórmase ás familias sobre o prazo de presentación de solicitudes para o vindeiro curso 2022/2023 no CEIP Ramón de la Sagra:

PAZO DE PRESENTACIÓN: Do 1 ata o 21 de marzo de 2022.

PRESENTACIÓN TELEMÁTICA OU PRESENCIAL NO CENTRO.

Telemática:

https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/AvisoForaPrazoAxudaplicacion.action?claveAxuda=axuda_admisionalumnado_prazo_pechado_xenerico&OWASP_CSRFTOKEN=3927-EJ0G-ASEG-I6GC-K41T-WNBL-7232-JUEF#

Presencial: Modelo ED550B (adxunto a este documento). Con cita previa a través do email do centro: ceip.ramon.sagra@edu.xunta.gal.

En ambos casos, telemáticamente e presencialmente, o documento non pode ter abreviaturas e todos os datos deben estar cubertos. En caso de dúbida consulten en secretaría calquera incidencia.

Se calquera familia presenta unha no centro tendo xa rexistrada outra noutro centro, só se poderá rexistrar a última sempre que veña acompañada da renuncia expresa por escrito á anterior. De non producirse deste xeito, as dúas solicitudes serán consideradas duplicidade. Noutro caso, terá vigor a última solicitude tramitada, quedando excluída a que xa estaba rexistrada.

Informar do mesmo xeito, que o punto que poden outorgar os centros, o do **CEIP Ramón de la Sagra concederá un punto máis no baremo segundo se cumpra o seguinte criterio “Escoller este centro como primeira opción pertencendo á zona de influencia”.**

Do mesmo xeito, indicar que segundo a Resolución do 23/2/2022, a **letra do desempate en caso de ser necesario** serán as seguintes:

- **1º Apelido: letras “V” e “U”.**
- **2º Apelido: letras “A” e “Z”.**

As familias que desexen ver o centro, deben solicitar cita previa para o vindeiro xoves día 3 de marzo de 2022 nos turnos que aparecen na páx. Web do centro, en grupos restrinxidos en número e conforme a todas as medidas existentes referidas ao COVID19.

Ante calquera dúbida sobre este ou outro aspecto relacionado, non dubiden en contactar con nós.

Sen outro particular reciban un cordial saúdo.

A dirección.